**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 27 de abril de 2012**

**ASISTENTES:**
**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
Dª Mª Jesús Lago Rey
Dª. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
Dª. Mª Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**Invitado:**
D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e sete de abril de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(457).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión do 13 de abril e a extraordinaria e urxente do 16 de abril de 2012. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.
.

**2(458).- DAR CONTA DAS SENTENZAS REMITIDAS POR ASESORÍA XURÍDICA**

Dáse conta das seguintes sentenzas remitidas por Asesoría Xurídica :

a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 231/2011.Demandante: D.ªMARTA ELVIRA GARCÍA MOSQUERA. Obxecto:

Resolución do 28/06/2011 de recadación executiva. Sanción de tráfico (expte. 16019/700). Estimado o recurso.

b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 60/2012. Demandante: D. IVAN MARTINEZ GOMEZ. Obxecto: Resolución do 16.12.2011,Sanción tráfico (Expte 118636012). Estimado o recurso.

c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 36/12. Demandante: SANTA LUCIA, S.A. Obxecto: Desestimación presunta reclamación patrimonial (Expte: 2819/243). Desestimado o recurso.

d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 47/2012. Demandante: D.ª CRISTINA VILLAR MAYO. Obxecto: Resolución do 25.10.2011 (en reposición) sanción tráfico expte. 118656561. Estimado o recurso.

e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 354/11. Demandante: D. EDUARDO SILVA MARTÍNEZ. Obxecto: Desestimación presunta de declaración de nulidade do acto de retirada de vehículo da vía pública (Expte: 80525-210) Desestimado o recurso.

f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 1/2012. Demandante: D. DANIEL RODRIGUEZ CASTRO. Obxecto: Resolución do 27.10.2011, sanción tráfico (expte 118644322). Estimado o recurso.

Acordo
A Xunta de Goberno local queda enterada.

**3(459).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 1807/14, 2073/11, 79/13.**
Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Área de Benestar Social, conformados pola concelleira-delegada da Área de Política e Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- Dª. Peregrina Portela González. Expte.1807/14.
- Dª. Purificación Araujo Costas. Expte. 2073/11
- D. Feliz Domínguez Veiga. Expte. 13/79.

**4(460).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN, DE DATA 27.03.12, SOBRE CONTRATACIÓN DE ARTISTAS, ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS E PATROCINIO PUBLICITARIO. EXPTE. 8/142.**
Dáse conta do Decreto da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Contratación, de data 27.03.12, polo que resolve o seguinte:

*Visto o informe do Interventor Xeral e a Titular da Asesoría Xurídica, de data 21 de marzo de 2012,*

*R E S O L V O*

*1º.- Que polo servizo de contratación se elaboren os correspondentes pregos-tipo e guía de tramitación a fin de normalizar o procedemento a seguir na contratación menor e as fases de preparación e adxudicación do procedemento negociado sen publicidade na contratación de artistas, organización de espectáculos e patrocinio publicitario.*

*2º.- Remitir o informe do Interventor Xeral e a titular de Asesoría Xurídica de 21 de marzo de 2012 ás Concellerías con competencias en materia de Festas, Cultura, Deporte e Turismo que con máis frecuencia recorren a estas modalidades contractuais (artistas/patrocinio), para que tomen coñecemento do criterio que se seguirá nos informes e fiscalización preceptivos coa antelación suficiente.*

*3º.- Remitir á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación os pregos tipo e guías de tramitación unha vez sexan redactados.*

*4º.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local.*

Acordo
A Xunta de Goberno local queda enterada.

**5(461).- PROPOSTA DE RENOVACIÓN DE MARCAS DO MUSEO DE ARTE CONTEMPORANEA DE VIGO. EXPTE. 4058/241.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 26.03.12, conformado pola concelleira delegada de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

Renova-las marcas nº 2.472.517/18/19/20 e 21 MARCO Museo de Arte Contemporánea de Vigo, en clases 16, 38, 41, 42 e 43”.

**6(462).- ADXUDICACIÓN DO ALLEAMENTO DE 74 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 3993/241.**

De conformidade coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o día 17.04.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Enaxenar a Lajo y Rodríguez S.A. Os 74 vehículos para chatarra relacionados no expediente 3993-241 por un importe de 15.812 euros.

**7(463).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TELEFÓNICA 010. EXPTE. 2054/321.**

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar do día 17.04.12, a Xunta de Goberno local acorda:

1º..- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

| EMPRESA | Criterios availables mediante xuizo de valor | Criterios availables a través de formula | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Outsourcing Signo Grupo Norte S.A. | 43,00 | 31,20 | 74,20 |
| Eulen S.A. | 34,00 | 40,00 | 74,00 |
| UTE Telemark-Spain S.L.-Balidea Consulting& Programing S.L. | 41,00 | 22,79 | 63,79 |

2º.- Requirir o licitador clasificado en primeiro lugar, Outsourcing Signo Grupo Norte, S.A., para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

3º- Requirir a empresa clasificada en primeiro lugar o aboamento de 669,62 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

**8(464).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A COVSA POR OBRAS EN RÚAS CESAREO VÁZQUEZ E MANUEL COMINGES. EXPTE. 1339/440.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

**9(465).- PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NO XXX PREMIO NOVELA LONGA EDUARDO BLANCO AMOR. EXPTE. 13781/331.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 11.04.12, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e a concelleira-delegada da Área de Cultura e Festas e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o gasto de 360,00 € con cargo á partida 3340.462.00.00 "Premio Eduardo Blanco Amor", do vixente presuposto municipal, a favor do Concello de Fene (CIF: P 1503600G), organizador da XXX Edición do Premio de Novela Longa Eduardo Blanco Amor, en concepto de participación do Concello de Vigo nesta edición do premio.

**10(466).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN A DECATHLON PARA ORGANIZAR A "DECABIKE 2012" O VINDEIRO DOMINGO 13.05.12. EXPTE.11198/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 24.04.12, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a DECATHLON a organizar o vindeiro domingo 13 de maio de 2012, a DECABIKE 2012, este evento deportivo se levará a cabo en horario de 6 a 15 horas co seguinte percorrido: Av. Samil, rúa do Río, camiño Muíños, Av. Ricardo Mella, Camiño Xuncal, Camiño Caramuxo, Av. Florida, Alcalde Portanet, Av. Castrelos, Parque de Castrelos. Logo farase o mesmo percorrido de volta a Samil onde se ocupará o aparcadoiro público a carón das instalacións deportivas. En total 10,8 quilómetros".

**11(467).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN A S.D. ATLETISMO SAN MIGUEL DE OIA PARA ORGANIZAR O XXXV TROFEO CAMPO A TRAVÉS S. MIGUEL DE OIA O VINDEIRO 29.04.12. EXPTE. 11161/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 24.04.12, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a S.D. Atletismo San Miguel de Oia, a organizar o vindeiro 29-04-2012, a proba deportiva XXXV TROFEO CAMPO A TRAVÉS S. MIGUEL DE OIA, que se desenvolverá en horario de 10.00 a 13.30 horas, cun percorrido polo barrio da Verdella en San Miguel de Oia.

**12(468).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O TRAVESAS HOCKEY CLUB PARA O DESENVOLVEMENTO DA 1ª FASE DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO EQUIPO DE ÉLITE DA ENTIDADE, TEMPADA 2011-2012. EXPTE. 11116/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico da técnica de Admón. Xeral, do 19.03.12, o informe de fiscalización, do 10.04.12, e de acordo co informe-proposta do Director deportivo do IMD, do 20.04.12, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Traviesas Hockey Club para a subvención da primeira fase do proxecto de actividades do equipo de elite da entidade na categoria OK Liga, desenvolvido no período comprendido entre o 1 de xullo de 2011 e o 1 de marzo de 2012, vinculado á tempada deportiva 2011/2012.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 10.000,00 €. a favor da entidade: Traviesas Hockey Club co CIF: G-36680239 con enderezo social na rúa Ctra. Igrexa Roteas, 20, en Vigo, e numero de conta corrente 2080.5000.67.3040247255. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.08 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. José Manuel Fernández Pérez, para asinar este Convenio.

*CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE TRAVIESAS HOCKEY CLUB PARA O DESENVOLVEMENTO DA PRIMEIRA FASE DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO EQUIPO DE ÉLITE DA ENTIDADE, VINCULADO Á TEMPADA 2011-2012.*

*Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de _____ de dous mil doce.*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, don José Manuel Fernández Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2011 sobre delegación de atribucións dos Delegados de Área.*

*Doutra, dona Marta González Pérez como presidente da entidade Traviesas Hockey Club CIF nº G-36680239 e enderezo social na rúa Ctra. Igrexa Roteas, 20, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 11116-333.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.-Que a entidade Traviesas Hockey Club conta cun equipo de élite que participa na categoria OK Liga desenvolve a sua actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.*
*A entidade Traviesas Hockey Club desenvolve o proxecto do equipo de élite desta entidade durante a tempada 2011/2012.*
*A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.*

*Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.*

*II.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

- *Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- *Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- *Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nível da imaxen deportiva de Vigo.*
- *Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- *A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

*III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.08, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 10.000,00 €, a favor da entidade deportiva Traviesas Hockey Club.*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación da primeira fase do proxecto do equipo de élite da entidade Traviesas Hockey Club desenvolvida no período comprendido entre o 1 de xullo de 2011 e o 1 de marzo de 2012, e vinculado á tempada deportiva 2011/2012.*

*V.- Que a entidade Traviesas Hockey Club non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 11116-333.*

*VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Traviesas Hockey Club o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

*PACTOS*

*Primeiro.- A entidade Traviesas Hockey Club comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:*

*1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:*

- *Programa Municipal de escolas deportivas.*

- *Xornadas de formación.*
- *Campañas de concienciación vinculadas ós habitos de vida saudables.*
- *Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...*
- *...*

*2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.*

*3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.*

*4º-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concelleria de deportes-Concello de Vigo:*

*A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.*

*Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.*

*5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1º.- Colaborar coa entidade Traviesas Hockey Club na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de élite na cidade de Vigo.*

*2º.- Facilitar os médios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Traviesas Hockey Club (revista, web, etc).*

*3º.- Conceder directamente á entidade Traviesas Hockey Club unha subvención por importe de 10.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.08, mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades do equipo de élite da entidade, desenvolvidas na primeira fase do proxecto presentado, desenvolvida no período comprendido entre o 1 de xullo de 2011 e o 1 de marzo de 2012, e vinculado á tempada deportiva 2011/2012.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á reducción da subvención na mesma proporción.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

*Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co equipo de élite da entidade, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demáis material gráfico elaborado ao efecto.*

*Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluir unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.*

*Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumplirán as seguintes especifidades:*

*- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.*
*- Atendendo á especifidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, tasas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.*

*- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autonomo IMD, acreditativo dos ingresos por estos conceptos.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

*Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificactiva, especificará o período comprendido pola mesma.*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sigificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aprezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre o 1 de xullo de 2011 e o 1 de marzo de 2012, vinculado á actividade deportiva do equipo de élite na primeira fase da tempada 2011-2012.*

*Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exerce-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ________________ de 2012.*

**13(469).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CORUXO F.C. VIGO PARA DESENVOLVEMENTO DA 1ª FASE DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO EQUIPO DE ÉLITE DA ENTIDADE, TEMPADA 2011-2012. EXPTE. 11149/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 21.03.12, o informe de fiscalización, do 10.04.12, e de acordo co informe-proposta do Director deportivo do IMD, do 20.04.12, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Coruxo F.C. para o a subvención da primeira fase do proxecto de actividades do equipo de elite da entidade na categoria Segunda División B, desenvolvido no período comprendido entre o 1 de 1 de xullo de 2011 e o 1 de abril de 2012, vinculado á tempada deportiva 2011/2012.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 25.000,00 €. a favor da entidade: Coruxo F.C. co CIF: G-36708212 con enderezo social na rúa Carretera do Bao S/N, en Vigo, e

numero de conta corrente 2080.5027.20.3040004302. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.17 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. José Manuel Fernández Pérez, para asinar este Convenio.

*CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CORUXO F.C. VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA PRIMEIRA FASE DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO EQUIPO DE ÉLITE DA ENTIDADE, VINCULADO Á TEMPADA 2011-2012.*

*Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de _____ de dous mil doce.*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, don José Manuel Fernández Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2011 sobre delegación de atribucións dos Delegados de Área.*

*Doutra, don Gustavo Falque Comesaña como presidente da entidade Coruxo F.C. CIF nº G-36708212 e enderezo social na rúa Carretera do Bao S/N, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 11149-333.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.-Que a entidade Coruxo F.C. conta cun equipo de élite que participa na categoria Segunda División B desenvolve a sua actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.*
*A entidade Coruxo F.C. desenvolve o proxecto do equipo de élite desta entidade durante a tempada 2011/2012.*
*A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.*
*Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.*

*II.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

- *Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- *Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- *Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nível da imaxen deportiva de Vigo.*

- *Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- *A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

*III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.17 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 25.000,00 €, a favor da entidade deportiva Coruxo F.C.*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación da primeira fase do proxecto do equipo de élite da entidade Coruxo F.C. desenvolvida no período comprendido entre o 1 de xullo de 2011 e o 1 de abril de 2012, e vinculado á tempada deportiva 2011/2012.*

*V.- Que a entidade Coruxo F.C. non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 11149-333.*

*VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Coruxo F.C. o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

*PACTOS*

*Primeiro.- A entidade Coruxo F.C. comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:*

*1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:*

- *Programa Municipal de escolas deportivas.*
- *Xornadas de formación.*
- *Campañas de concienciación vinculadas ós habitos de vida saudables.*
- *Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...*
- *...*

*2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.*

*3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.*

*4º-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concelleria de deportes-Concello de Vigo:*

*A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.*
*Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.*

*5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1º.- Colaborar coa entidade Coruxo F.C. na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de élite na cidade de Vigo.*

*2º.- Facilitar os médios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Coruxo F.C. (revista, web, etc).*

*3º.- Conceder directamente á entidade Coruxo F.C. unha subvención por importe de 25.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.17, mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades do equipo de élite da entidade, desenvolvidas na primeira fase do proxecto presentado, desenvolvida no período comprendido entre o 1 de xullo de 2011 e o 1 de abril de 2012, e vinculado á tempada deportiva 2011/2012.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á reducción da subvención na mesma proporción.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

*Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co equipo de élite da entidade, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demáis material gráfico elaborado ao efecto.*

*Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluir unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.*

*Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumplirán as seguintes especifidades:*

*- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.*
*- Atendendo á especifidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, tasas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.*
*- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autonomo IMD, acreditativo dos ingresos por estos conceptos.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

*Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificactiva, especificará o período comprendido pola mesma.*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sigificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aprezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre o 1 de xullo de 2011 e o 1 de abril de 2012, vinculado á actividade deportiva do equipo de élite na primeira fase da tempada 2011-2012.*

*Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exerce-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _________________ de 2012.*

**14(470).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPA), 2012. EXPTE. 13682/332.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

**15(471).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL DO 24.02.12, EN RELACIÓN COA SUBSANACIÓN DOS EFECTOS DETECTADOS NAS REVISIÓNS OCA DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS NOS CEIPS DE VIGO. FASE I. EXPTE. 13631/332.**

Dáse conta da proposta do xefe do Servizo de Educación, do 23.04.12, que di o seguinte:

*Detectado un erro na Certificación do acorda da Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 24 de febreiro de 2012, debido á transcripción literal do informe de data 20 de febrero de 2012, correspondente á aprobación do "Plan de Seguridade e Saúde, Plan de Xestión de Residuos e Nomeamento da Dirección Facultativa, para a subsanación dos efectos detercta-dos nas revisións O.C.A. Das instalacións eléctricas nos Ceips de Vigo. Fase I expte.: 13631/332",*

*PROPONSE:*

*A rectificación do acordo da Xunta De Goberno Local de data 24 de febreiro de 2012, do seguinte xeito: no punto terceiro onde di "ALTAIR", debése sustituir por "IMPESAPI"*

Acordo

A Xunta de Goberno local rectifica o acordo adoptado na sesión extraordinaria e urxente do 24.02.12, conforme a devandita proposta, quedando redactado do seguinte xeito:

1º.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra para a subsanación dos defectos detectados nas revisións O.C.A. Das instalacións eléctricas nos CEIPS de Vigo. Fase I.

2º.- Aprobar o Plan de Xestión de Residuos para a subsanación dos defectos detectados nas revisións O.C.A. Das instalacións eléctricas nos CEIPS de Vigo. Fase I.

3º.- Nomear como dirección facultativa da obra á Técnica municipal: DONA BEATRIZ ALONSO ASENJO.

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria IMESAPI., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

**16(472).- SOLICITUDE DE PRÓRROGA NO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA "MELLORA DAS BEIRARRÚAS NA AVDA. CASTELAO ENTRE O Nº 1 E O Nº 9". EXPTE. 1345/440.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 19.04.12, que di o seguinte:

*Con data 16 de marzo de 2012 a empresa OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., solicita unha ampliación do prazo de execución das obras recollidas no proxecto de "MELLORA DE BEIRARRÚAS NA AVDA. CASTELAO ENTRE O Nº 1 E O Nº 9". EXP: 984/440, como consecuencia de non poder rematar as obras por estar pendente o retranqueo dun armario da empresa de comunicacións R Cable.*

*ANTECEDENTES:*
*A Xunta de Goberno Local, en sesión de 28 de decembro de 2011, acordou adxudicar a Oresa, S.L, as citadas obras.*

*En data 12 de xaneiro de 2012, fírmase o contrato cun prazo de execución de obra de dous meses. O 17 de xaneiro fírmase a acta de comprobación do replanteo, comezando a contar o prazo de execución o día seguinte da firma.*

*En data 16 de febreiro de 2012, dende a Oficina de Supervisión de Proxectos e Obras notifícasele a R Cable, que deberá proceder ao desprazamento do armario existente a nova liña do bordo da beirarrúa, dándolle un prazo máximo de 10 días contados a partir da recepción da notificación.*

*En data 6 de marzo de 2012, R Cable, presenta un escrito indicando que inicia os trámites para o traslado do armario, resultándolle imposible o cumprimiento do prazo estipulado.*

*Dende a Oficina de Supervisión de Proxectos o 14 de marzo de 2012, solicítase a R Cable que indiquen o prazo necesario para o traslado do citado armario.*

*En data 29 de marzo de 2012, R Cable presenta un escrito indicado que o prazo estimado para a execución das obras de traslado é aproximadamente de cinco semanas.*

*CONCLUSIÓNS:*
*Segundo as causas manifestadas polo adxudicatario e considerando que non son imputables a éste e conforme ao establecido no art. 213.2, do "RD Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Séctor Público", infórmase favorablemente a concesión da prórroga solicitada, que establecería como novo prazo de finalización das obras o próximo 30 de abril de 2012.*

*Polo que á vista do anteriormente exposto, FAISE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A SEGUINTE PROPOSTA:*

*1.- Ampliar, atendendo aos motivos xustificados, o prazo de execución das obras "Mellora de beirarrúas na Avenida Castelao entre o nº 1 e o nº 9" en un mes e medio, pasando a ser o novo prazo de finalización das mesmas o vindeiro 30 de abril de 2012, non significando ésta ampliación de prazo incremento económico algún sobre o importe de adxudicación da obra.*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(473).- PROXECTO DE "MELLORA DA RÚA NOVELOS E CONSTRUCCIÓN DUN ÁREA DE ESPARCEMENTO EN CHANS". EXPTE. 2052/443.**
Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 18.04.12, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES*:

*A Entidade Local Menor de Bembrive en data 11 de novembro de 2011, presenta o proxecto de "MELLORA DA RÚA NOVELOS E CONSTRUCCIÓN DUN ÁREA DE ESPARCEMENTO EN CHANS", redactado polo ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS, D. LUIS VICENTE VILAR MONTORO, cun orzamento base de licitación de DOUSCENTOS TRINTA E CATRO MIL OITOCENTOS DEZASEIS EUROS CON VINTE E TRES CÉNTIMOS (234.816,23 €), solicitando autorización para poder executar as mencionadas obras.*

*En data 24 de febreiro de 2012, dende a Oficina de Proxectos, remítese o proxecto a Xerencia Municipal de Urbanismo, solicitando informe da súa competencia.*

*En data 1 de marzo de 2012 o Director Adxunto dos Servizos Técnicos da Xerencia de Urbanismo, emite informe, no que sinala que:*

> *No que se refire a rúa Novelos o proxecto, reordena o espacio dispoñible na citada rúa, polo que a alineación prevista no PXOM podrá materializarse ao ser desenvolvido o APR A-7 en parte e o resto cando os terreos afectados pola mesma exerzan seus dereitos urbanísticos.*

> *En relación coa Área de esparcimento no lugar de Chans, a mesma desenvólvese en "Solo Rústico de Protección Forestal". De conformidad cos artígos 12.0.6. e 12.3.2. de las NNUU do vixente PXOM, será necesario que a Entidade Local Menor de Bembrive solicite Licencia Urbanística Municipal para as citadas obras.*

*En data 30 de mazo de 2012, notifícaselle á Entidade Local Menor de Bembrive, a necesidade de independizar as actuacións do proxecto.*

*O 13 de abril de 2012, a citada Entidade achega proxecto, independizando as actuacións. Actuación 1: Construcción dun área de esparcemento en Chans cun orzamento de execución material de TRINTA E NOVE MIL CENTO UN EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (39.101,49 €) e*
*Actuación 2: Mellora da rúa Novelos, cun orzamento de execución material de CENTO VINTE E OITO MIL CENTO VINTE E DOUS EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (128.122,72 €).*

*No referente a Actuación 1: "Construcción dun área de esparcemento en Chans", térase en conta o informe da Xerencia de Urbanismo de data 1 de marzo de 2012.*

*No referente a Actuación 2: "Mellora da Rúa Novelos", existe informe favorable do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 16 de abril de 2012.*

*A vista do anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

*1º.- Aprobar o proxecto presentado pola Entidade Local Menor de Bembrive, actuación nº 2 relativa á Mellora da Rúa Novelos, cun orzamento de execución material de CENTO VINTE E OITO MIL CENTO VINTE E DOUS EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (128.122,72 €), a executar pola propia Entidade Local e con cargo aos seus orzamentos.*

*2º.- Desestimar a aprobación da actuación nº 1 "Construcción dun área de esparcemento en Chans", pendente da solicitude de licenza urbanística por parte da Entidade Local Menor de Bembrive.*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(474).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO E O CONCELLO PARA O APOIO AO MANTEMENTO DA REDE DE MEDIADORAS DURANTE O ANO 2012. EXPTE. 5413/224.**
Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 2.04.12, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 30.03.12, conformado pola concelleira de Facenda, a concelleira de Igualdade, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a "Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo" e o Concello de Vigo para o apoio ao mantemento da Rede de Mediadoras durante o ano 2012.

2º.- Autorizar á concelleira de Igualdade para que o subscriba en nome do Concello de Vigo.

3º.- Autorizar o gasto de 15.300,00€ (quince mil trescentos euros) con cargo á partida presupostaria *"Convenio coa Asociación Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo para o apoio á Rede de Mediadoras" 2311 4890004* do orzamento vixente para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.

4º.- Aprobar o texto, que de seguido se dí:

*" Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de _____ de dous mil doce*

*REUNIDAS*
*Dunha parte, dona Mª Jesús Lago Rey, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Igualdade do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011.*

*Doutra, dona María Rosario Otero Rodríguez, como presidenta da asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, con CIF nº G36928646 e enderezo social na rúa Oliva, 12 Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaría que figura na documentación do expediente núm. 5413 -224.*

*Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.- Que desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención e axuda ás mulleres maltratadas. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha Asociación independente e autónoma baixo o nome "Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo" formalizando a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.*

*Esta asociación a forman un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero. As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico, e policial.*

*Os fins da Rede de mulleres veciñais, como contemplan os seus estatutos, son entre outros:*
*.- Traballar na prevención dos malos tratos*
*.- Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario*
*.- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.*
*.- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudios e propoñendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.*

*II.- Que o Concello de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres e unha rede municipal de acollemento,*

*de recente creación, formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade históricamente estructurada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.*

*Considerando que os fins da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo cumplen os obxectivos da concellería de Igualdade en prol da igualdade de oportunidades e máis específicamente contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa de carácter solidario baixo a fórmula dun convenio de colaboración.*

*III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 2311 4890004 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 15.300,00€, a favor da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo .*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é apoiar o mantemento da entidade e o desenvolvemento de actividades da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo durante o exercicio 2012.*

*V.- Que a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, segundo resulta da declaración responsable que figura no expediente 4814-224. Anexo III. Que a Asociación achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no citado expediente.*

*Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo , o Concello de Vigo e dita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

*PACTOS*

*Primeiro.- O obxecto deste convenio é apoiar á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo segundo os obxectivos e actividades que desenvolve dita asociación durante o exercicio 2012, segundo o programa que se incorpora ao convenio como Anexo I.*

*As accións obxecto deste convenio están dirixidas a todas as mulleres de Vigo que sofren violencia de xénero e que manifesten o seu desexo de ser axudadas pola Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.*

*A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo comprométese a colaborar coa concellería de Igualdade no marco deste convenio e dotará ás mulleres voluntarias da entidade de aqueles mecanismos sociais de apoio a vítima, para asistir os casos de vítima de violencia de xénero; especialmente ó colectivo de mulleres usuarias da rede municipal de acollemento: Centro de Emerxencia e vivendas de protección, xa que estas mulleres deron un paso de vital importancia para sair dunha situación de violencia e agora necesitan o máximo apoio e re-*

*forzo para superar esta difícil situación. A Rede de Mulleres Veciñais, como organización non lucrativa, comprométese, ademais das actividades que xa leva a cabo recollidas no anexo I, co colectivo de referencia (mulleres usuarias dos dispositivos de acollemento), ampliar as súas competencias a todo tipo de acompañamentos como poden ser: consultas médicas, actividades de lecer, sociais, relacionais, comunicativas, etc.*

*Un dos obxectivos perseguidos pola Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo é o fortalecemento persoal da vítima paliando a soedade e angustia, trasmitíndolle apoio e confianza, co fin de acadar a integración da muller en todos os ámbitos da vida.*

*Procederase á atención e acompañamento necesario aínda que as mulleres non sexan veciñas de Vigo nos casos derivados polos servizos municipais: Centro de Emerxencia e Centro Municipal de Información dos Dereitos das Mulleres.*

*A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo comprométese a colaborar coa concellería de Igualdade do Concello de Vigo concretamente, a:*

*1.- Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestructura e o equipo humano necesario para tal fin, así como cumprir o programa que figura como Anexo I.*

*2.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.*

*3.- Garantizar o dereito á confidencialidade das beneficiarias utilizando claves que convirtan en anónimos os datos recollidos. Fixará limitacións de acceso ás mesmas e incluirá unha cláusula de confidencialidade nas persoas que traballen ou colaboren na Asociación.*

*4.- Todas as actividades desenvolvidas pola Asociación na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplen a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demáis prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.*

*5.- A persoa ou persoal que preste servizos na Asociación Rede de Mulleres Veciñais non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.*

*6.- As obrigas da Asociación rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, como beneficiaria da axuda, serán, ademáis das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artígo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte comprométese a:*

*1º.- Aportar a documentación técnica precisa como a guía de recursos e a atención profesional especializada a través do persoal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller e o Centro de Emerxencia.*

*2º.- Incluir este servizo entre os servizos especializados no eido da promoción da muller que difunda mediante campañas de publicidade.*

*3º.- Conceder directamente á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, unha subvención por importe de 15.300,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación da colaboración no ámbito da promoción da igualdade e do tratamento contra a violencia de xénero.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:*

*A primeira, por importe de 5.000,00€ coa firma do presente convenio, anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.*
*A segunda por importe de 5.000,00€ no mes de xuño, previa a entrega do informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.*
*A terceira por importe de 5.300,00€ no mes de decembro previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual da asociación e xustificantes orixinais de gasto do resto da subvención pendente de xustificar.*

*Antes de proceder a cada pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a reducción da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circuntancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 80% do importe da actividade subvencionada.*

*A entidade non pode concertar con terceiros/as a execución das actividades que constitúen a prestación voluntaria e solidaria dos acompañamentos ás mulleres vítimas de violencia. A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiros/as as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade..., segundo o previsto no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións.*

*Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.*

*Sétimo.- Para o seguemento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguemento e avaliación que, presidida pola concelleira de Igualdade estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:*

- *A presidenta e coordinadora da Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo ou persoas en quen deleguen.*
- *A xefa do Servizo Municipal de Igualdade.*
- *Unha técnica do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller*

*Actuará como secretario/a da comisión un/ha dos/as vogais designado/a por ésa.*

*Oitavo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible o logo da concellería de Igualdade e do Concello de Vigo en canto material escrito e audiovisual se edite.*

*Noveno.- A beneficiaria, no prazo de tres meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por valor do 100% do importe da axuda concedida; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente á contía da subvención concedia, así como declarar o importe, procedencia e a aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiarán tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluir unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos que fosen financiados coa axuda concedida nesta convocatoria.*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe esacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*A axuda do Concello de Vigo incluirá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das mediadoras, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2012. Anexo II.*

*Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.*

*Xunto coa documentación relativa á conta xustificativa, a entidade achegará unha memoria semestral e outra anual sobre as actividades desenvolvidas no marco deste convenio.*

*Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012.*

*Décimo primeiro.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión desta, será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade. A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporarase á conta xustificativa.*

*Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aprezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que que os seus datos serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Igualdade.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.*

*Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _________________ de 2012.”*

**19(475).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO CONCURSO DE MICROVÍDEOS “8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER”. EXPTE. 5394/224.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo, do 20.04.12, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Non admitir a concurso a inscricións realizada por Dona Macarena Rodríguez Pereiro por terse realizado fóra do prazo establecido nas bases do concurso.

Segundo.- Conceder o primeiro premio do concurso de microvídeos “8 de marzo, Día Internacional da Muller 2012" a Don José Araújo Pérez, con DNI 39450084 R, pola presentación do video gañador do concurso baixo o lema "Ti". O premio, recollido na base oitava das bases, consistirá nun bono, por importe de 500 euros, para a adquisición de material e/ou dispositivos de informática, imaxe e/ou son, para trocar nos establecementos comerciais indicados pola organización.

Terceiro.- Non conceder accésit do premio e por tal motivo liberar o importe de de 250 € do RC nº 10291 da partida 2311 4890000 do orzamento vixente da concellería de Igualdade.

Cuarto.- Aprobar a realización dun libramento a xustificar a nome da funcionaria Cristina Gómez García, con DNI número 36.098.882-Z, xefa do servizo de Igualdade por importe de 500,00 euros con cargo ao RC 10291 da partida 2311 4890000 do vixente orzamento, que se farán efectivos na conta restrinxida da Tesourería Municipal número 2080 0000 72 004 02 87 905, para facer fronte aos gastos que orixina o outorgamento do premio do concurso”.

**20(476).- RENOVACIÓN DE MEDIOS MATERIAIS E MAQUINARIA POR FINALIZACIÓN DA SÚA VIDA ÚTIL, UTE VIGO RECICLA. EXPTE. 2767/252.**

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade co informe-proposta do xefe do Servizo de Limpeza, do 23.04.12, conformado polo concelleiro-delegado de

Limpeza e polo interventor xeral con data 24.04.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Instar á Entidade Concesionaria do servizo Vigo Recicla U.T.E., a fin de que inmediatamente a partir do día seguinte ó da notificación do presente acordo, inicie as actuacións oportunas para a renovación dos equipos e maquinaria, mediante a adquisición dos activos cuxos número de unidades, marca, modelo e características técnicas se especifican no Proxecto de renovación de maquinaria presentado en data 7 de xuño do 2011, DOC 110084148 do rexistro xeral, por un importe total de **2.823.217,50€ (IVE excluído),** para a súa conseguinte adscrición ao Servizo público, en cumprimento do establecido no capítulo VI do Texto Refundido do Prego de prescripcións técnicas do concurso.

A tal efecto a entidade concesionaria deberá levar a cabo as xestións pertinentes cos fabricantes, de tal xeito que se instrumente a efectiva substitución dos equipos descritos coa máxima celeridade, habida conta do prazo xa vencido da vida útil dos mesmos o día 30 de setembro do ano 2011.

2. Rexeitar a proposta feita pola Empresa Concesionaria sobre o diferencial do tipo de interese a engadir á referencia do EURIBOR, dado que a cantidade de 29.108,54 euros/ano non se considera suficiente prexuízo para poñer en risco a explotación do contrato, e polo tanto debe ser subsumida pola estipulación do “Risco e Ventura” do contratista. O tipo de interese a aplicar na recuperación do investimento será o establecido na oferta do adxudicatario: EURIBOR máis un diferencial do 0,5%.

3. Autorizar á Entidade concesionaria do servizo para que proceda á recuperación do capital invertido e ao seu financiamento mediante a súa inclusión na facturación mensual que se xire á Administración concédente, con efectos dende o mes seguinte ó de incorporación e recepción efectiva dos equipos e maquinaria, segundo o valor do termo constante da renda inmediata postpagable necesaria para amortizar a inversión Pax: 4 de 4 inicial, deducidas as cantidades aboadas na súa facturación a partir do 1 de outubro do 2011 e ata ese mes. A recuperación realizarase a través de desembolsos mensuais resultantes de aplicar o custe financeiro do tipo de interese de referencia EURIBOR a un ano nesa data máis o diferencial do 0,5% aprobado no contrato inicial. O prazo para a recuperación será o que media entre a data de recepción da totalidade dos equipos pola Administración e a de remate do contrato (31/03/2017).

4. Dado que o Prego de Cláusulas Administrativas particulares establece a obriga de que os elementos asociados ao contrato queden totalmente amortizados ao remate do contrato, aprobase un incremento no custe do mesmo pola aplicación dunha cota de amortización maior, que virá dada pola diferenza entre a contía que conformaba a estrutura de custos de amortización do investimento inicial recuperado en oito anos, e o investimento neto que agora se acomete para a súa recuperación entre a data da efectiva incorporación da totalidade dos medios e o final do contrato (31/03/2017).

Para establecer un marco económico deste incremento, **estímase** que a efectiva incorporación dos medios materiais e maquinaria se producirá **o día 1 de outubro do 2012**, e que o tipo de interese **EURIBOR a un ano nese momento sexa 2,5%**, ao que incrementado co diferencial aprobado no contrato do 0,5%, resulta en **81.870,60 euros anuais de incremento** estimado.

5. Ordenar ao Servizo Municipal competente a incoación do pertinente expediente administrativo para a eventual enaxenación mediante subhasta pública dos bens adscritos ao servizo que xa teñan sido totalmente amortizados, ao amparo do establecido no artigo 69 da lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas, conforme ao procedemento recollido no artigo 143 da mencionada lei, todo elo previa a emisión dos informes técnicos de valoración que se estimen convenientes. A transferencia dos vehículos será sen custe para o Concello.

**21(477).- PROXECTO DE ACTIVIDADE DE VOLUNTARIADO MEDIO AMBIENTAL NA CONTORNA DO RÍO LAGARES. EXPTE. 8506/306.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Medio Ambiente, do 23.04.12, conformado pola concelleira da Área de Medio Ambiente, Igualdade e Xuventude e o concelleiro da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

Único.- Aprobar o proxecto de actividade de voluntariado medio ambiental na cotorna do río Lagares redactado polos Servizo de Medio Ambiente en colaboración co Servizo de Voluntariado en data do 23 de marzo de 2012.

**22(478).- PROPOSTA NOMEAMENTO, COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA, DE D. MANUEL MONROY CASTRO, CON CARGO A PRAZA VACANTE DE ENXEÑEIRO TÉCNICO INDUSTRIAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2008. EXPTE. 22991/220**.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 9.04.12, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Nomear funcionario de carreira, con cargo á praza vacante de Enxeñeiro Técnico Industrial, ao seguinte aspirante proposto polo órgano de selección, que superou todos os exercicios da oposición e obtivo a máxima cualificación -14,50 puntos-, D. MANUEL MONROY CASTRO, con DNI nº 36.082.635-M.

O presente nomeamento únicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionario de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a con-

tar dende a notificación do presente acordo, debendo publicarse, unha vez efectuada, no Diario Oficial de Galicia.

2º.- O presente acordo notifíquese ao interesado, Intervención Xeral, Tesourería Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Organización e Planificación de RR.HH.), Xefe da Area de Seguridade, Mobilidade e Transportes e, Comité de Persoal.

3º.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social."

**23(479).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 16.03.2012, RELATIVO A PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDAS DE FUNCIÓNS A DIVERSOS FUNCIONARIOS. EXPTE 22763/220.**

Dáse conta da dilixencia emitida pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 13.04.12, que di o seguinte:

*Téndose detectado erro no apartado 2 do acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de marzo de 2012 -expte. 22763/220-, relativo a concesión de produtividade por encomenda de funcións correspondente ao ano 2011 a diversos funcionarios (expte. 22763/220), remítase á Secretaría do Goberno Local para que, previa comprobación, se proceda, de conformidade co disposto no art. 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio, os erros existentes nos seus actos, consistente en:*

*"... 2. Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 18.154,66 € ......",*

*Conforme aos datos obrantes no expediente, debe constar:*

*"... 2. Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 18.548,44 € en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 "Produtividade."*

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda rectificar o acordo adoptado na sesión do 16.03.12, no sentido exposto anteriormente, quedando redactado do seguinte xeito:

1º.- Outorgar aos empregados municipais que a continuación se relacionan os complementos de produtividade propostos pola realización das funcións encomendadas:

| | NP | Periodo | Importe |
|---|---|---|---|
| Alfonso Berros Perez | 78.966 | 10 de agosto-31 de decembro 2011 | 2.304,06 € |
| Jose Luis Amoedo Moreira | 22.467 | 10 de agosto-31 de decembro 2011 | 480,51 € |
| Marcos Lopez Campos | 21930 | 2 de novembro-31 de decembro | 1.019,68 € |
| Raquel Abalde Comesaña | 78893 | 2 de novembro-31 de decembro | 934,71 € |
| Carolina Vicente Rodriguez | 22119 | 4º trimestre 2011 | 668,88 € |
| Albino Rodriguez Ferreira | 77274 | 4º trimestre 2011 | 2.206,22 € |
| Ojea Pérez, Rafael | 14.775 | 1abril 31 dec 2011 | 6.215,25 € |
| Avelino SanLuis Costas | 9900 | 4 trim 2011 | 2600,00€ |
| Gerardo Sanchez Vicente | 17555 | 29/7-31/12/2011 | 1.092,67 € |
| Juana Abalde Posada | 15.102 | 4º trimestre 2011 | 1.026,46 € |

2º.- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 18.548,44 € en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 "Produtividade".

Dese traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Editos por un prazo de dez días para público coñecemento."

**24(480).- RECTIFICACIÓN DE ERRO ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL 11.11.2011 RELATIVO A MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO. EXPTE. 23036/220.**

Dáse conta do informe-proposta da técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, do 17.04.12, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*En data 13 de abril de 2012, Dª Ana Maria Mouriz Martinez, Dª Susana Gonzalez Torres , Dª Monica Lopez-Coronado Carnero y Dª M Carmen Mouriño Barros, presentan recurso de reposicion frente al anuncion del Concello de Vigo, publicado en el Boletin Oficial de la Provincia de Pontevedra de fecha 26 de marzo de 2012, por la que se aprueba la modificacion puntual da vixente Relacion de Postos de Traballo, entre outros, na area de promocion economica, empleo y participacion cidada. O devandito recurso de reposicion refirese a subsanacion dos erros detectados no acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de novembro de 2011 ao non incluirse na Area de Promocion Economica, os postos de tecnico/a de apoio a empresas, auxiliar administrativo e administrativo. (Doc 120044366)*

*A Xunta de Goberno local na sua sesion de data 11 de novembro de 2011, acordou proceder a modificacion puntual da relacion de postos de traballo municipal, en execucion do acordo plenario de data 26 de setembro de 2011, de modificacion do persoal orzamentario (Expte 22440-220).*

*No informe proponse a modificación da actual Relacion de Postos de Traballo, do seguinte xeito:*

*1.- Na Area VI.- Promocion económica, emprego e participación cidada, no servizo 108.- Desenvolvemento local e emprego, créanse os postos :*

| *CDG* | *DENOMINACION POSTO* | *DOT* | *C.D.* | *C.E.* | *COD. RETR.* | *TP* | *FP* | *GRUPO* | *ESCALA* | *CP/SBE/ CL* | *TITULACION ACADEMICA* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *108.6* | *Tecnico/a de Formacion e Orienta-cion* | *1* | *25* | *690* | | *N* | *CA* | *A2* | *AE* | *CE* | *2* |
| *108.7* | *Tecnico de apoio a empresas* | *1* | *25* | *690* | | *N* | *CA* | *A2* | *AE* | *CE* | *2* |
| *108.8* | *Tecnico medio de xes-tion economica* | *1* | *25* | *690* | | *N* | *CA* | *A2* | *AE* | *CE* | *32/33/34* |
| *108.9* | *Tecnico medio de Obras publicas* | *1* | *25* | *690* | | *N* | *CA* | *A2* | *AE* | *CE* | *54* |
| *108.10* | *Coordinador/a* | *1* | *25* | *690* | | *N* | *CA* | *A1/A2* | *AE* | *CE* | *2* |
| *108.11* | *Coordinador progra-mas de insercion* | *1* | *25* | *690* | | *N* | *CA* | *A1/A2* | *AE* | *CE* | *2* |

*Incrementándose a dotación dos postos de auxiliar de admon xeral e administrativo de ad-mon xeral pasando de un a dous.*

*Asi, proponse a Xunta de Goberno local :*

*"PRIMEIRO.- Modificar puntualmente a Relación de Postos de Traballo municipal, coa inclusion na mesma dos postos de traballo nos servizos de Benestar Social (Cod 301) e desenvolvemento local e emprego (Cod 108) asociados as prazas creadas por Acordo plenario de data Acordo plenario de data 26 de setembro de 2011, de modificacion do cadro de persoal municipal incluindo:*

*a) Na Area VI.- Promocion económica, emprego e participación cidada, no servizo 108.- Desenvolvemento local e emprego, os postos de:*
*Tecnico/a de Formacion e Inserción, Grupo de Titulacion A2, Escala Administracion Especial, Servizos especiais –cometidos especiais, Complemento de Destino 25 e Complemento especifico cod. 690*

*Tecnico/a medio de xestion economica, Grupo de Titulacion A2, Escala Administracion Especial, Servizos especiais –cometidos especiais, Complemento de Destino 25 e Complemento especifico cod. 690*

*Tecnico/a medio de Obras Publicas, Grupo de Titulacion A2, Escala Administracion Especial, Servizos especiais –cometidos especiais, Complemento de Destino 25 e Complemento especifico cod. 690*

*Coordinador/a, Grupo de Titulacion A1/A2, Escala Administracion Especial, Servizos especiais – cometidos especiais, Complemento de Destino 25 e Complemento especifico cod. 690*

*Coordinador/a programas de inserción, Grupo de Titulacion A1/A2, Escala Administracion Especial, Servizos especiais –cometidos especiais, Complemento de Destino 25 e Complemento especifico cod. 690*

*Administrativo/a, Grupo de Titulacion C1, Escala Administracion General, Subescala Administrativa, Complemento de Destino 19 e Complemento especifico cod. 316*

*Auxiliar Administrativo/a, Grupo de Titulacion C2, Escala Administracion General, Subescala Auxiliar, Complemento de Destino 16 e Complemento especifico cod. 138*

*Revisado a certificacion da Concelleira-secretraia da Xunta de Goberno Local do acordo adoptado pola mesma en data 11 de novembro de 2011, detectandose a omision do posto de Tecnico de Apoio a empresas. Os outros dos postos referenciados si figuran no acordo da Xunta de Goberno Local.*

*Considerando, nos termos do art. 105.2 da lei 30/92 de 26 de novembro, que a rectificación dun acto ou acordo administrativo corresponde ao mesmo órgano que o adoptou, e considerando que a competencia para a aprobación das retribucións do persoal municipal corresponde á Xunta de Goberno Local consonte ao artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e previa a preceptiva fiscalización pola Intervención Xeral,* PROPÓNSE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

*1.- Rectificar de oficio o erro detectado no acordo de data 11/11/2011 en canto ás modificacions puntuais da Relacion de Postos de traballo municipal a realizar na Area VI.- Promocion económica, emprego e participación cidada, no servizo 108.- Desenvolvemento local e emprego, incluindo o posto de Tecnico/a de apoio a empresas, Grupo de Titulacion A2, Escala Administracion Especial, Servizos especiais –cometidos especiais, Complemento de Destino 25 e Complemento especifico cod. 690.*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**25(481).- NOMEAMENTO INTERINO DUN ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL "ACTUACIÓNS A REALIZAR NO PERÍODO 2012-2020, PREVISTAS NO EXPTE. 33/141 DA PRÓRROGA DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DA XESTIÓN INTEGRAL DO SERVIZO DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO DE AUGAS", PARA A ÁREA DE SERVIZOS XERAIS. EXPTE. 22992/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 4.04.12, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declara-la urxencia para proceder á cobertura interina dun enxeñeiro de camiños, canais e portos, dacordo co artigo 10.1.c), da Lei 7/2007, do 12 de abril (EBEP), para a xestión do programa "Actuacións a realizar no periodo 2012-2020 previstas no expediente 33/141 da prórroga da concesión administrativa da xestión integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de augas", xustificada na necesidade de efectivos da Área de Fomento, contida no escrito de data 2 de marzo de 2012.

2º.- Nomear a D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS, DNI 36.100.978-V, funcionario interino ao abeiro do disposto no artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, cunha duración máxima ata o 31/12/2012, nos térmos da duración máxima prevista como límite temporal a 1ª fase do programa indicado "Actuacións a realizar no periodo 2012-2020 previstas no expediente 33/141 da prórroga da concesión administrativa da xestión integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de augas", e en concreto a coordinación, seguimento na redacción, supervisión e seguemento das obras e, recepción das actuacións a realizar pola Entidade concesionaria Aqualia-FCC Vigo UTE, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011, que figuran no escrito de data 2 de marzo de 2012, dispoñendo a finalización da relación de servizo, ademais

de polas causas previstas no artigo 63 da referida Lei e da data límite establecida anteriormente, no suposto no cal o programa deixe de ser prestado, será deixado sen efecto o nomeamento citado mediante o correspondente acto administrativo, toda vez que o referido aspirante superou tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de enxeñeiros de camiños (expte. 21762/220) por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do EBEP, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de decembro do 2008 e na Instrucción conxunta das Secretarías Xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos sobre procedementos de autorización de contratos de persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos, así como co disposto no artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

3º.- Autoriza-lo gasto por importe de 29.902,83€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00- outras modalidades de contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

4º.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."

**26(482).- DAR CONTA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL DE DATA 23.04.2011, DE ADSCRIPCIÓN PROVISIONAL DE D. RAFAEL OJEA PÉREZ. EXPTE. 23051/220.**

Dáse conta do Decreto do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 23.04.12, polo que resolve o seguinte:

*Con data 21 de decembro de 2011 dictouse resolución pola que se declaraba na situación administrativa de expectativa de destino, prevista no artigo 59 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia, ao funcionario municipal D. Rafael Ojea Pérez, con nº de persoal 14775, e en consecuencia relevarlle no desempeño das responsabilidades inherentes á xefatura do Servizo de Educación, contempladas nas guías de funcións anexas á Relación de Postos de Traballo municipal, a petición da Concelleira-delegada da Área de Educación, formulada en escrito de data 12/12/2011.*

*Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de marzo de 2012, foi efectuada modificación puntual da vixente Relación de Postos de Traballo municipal na Área de Educación (expte. 22856/220), acordándose o cambio de denominación do posto vacante, co código 332.1 ("Xefe/a Educación"), que pasa a denominarse "Técnico/a de Actividades Culturais e Educativas", nos termos da instrucción de servizo asinada polo Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en data 28/02/2012, así como do escrito de petición, baseado na reestructuración organizativa do Servizo, de data 27/02/2012.*

*Por isto, considerando os mecanismos que en canto á reasignación de efectivos e movilidade interdepartamental dos mesmos establece a normativa vixente en materia de función pública e xestión de recursos humanos ao servizo das Administracións Públicas (Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo); considerando do disposto no indicado artigo 59 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, en canto ao dereito dos funcionarios en situación de expectativa de destino á obtención dun posto de traballo de destino;*

*No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no art. 124.4.i) da Llei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 13/06/2011 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, así como as que ostento na materia por delegación da Xunta de Goberno Local realizada en acordo de data 17/06/2011,*

*R E S O L V O :*

*Primeiro.- Deixar sen efecto a declaración en situación administrativa de expectativa de destino prevista no art. 59 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia, do funcionario municipal D. Rafael Ojea Pérez, nº de persoal 14775, declarada por resolución de 21 de decembro de 2011.*

*Segundo.- Adscribir provisionalmente a D. Rafael Ojea Pérez, nº de persoal 14775, ao posto cod. 059 "Tecnico de Actividades Culturais e Educativas" adscrito o Servizo de Educación, complemento de destino 26, complemento específico 680 que figura na vixente relación de postos de traballo modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de marzo de 2012.*

*Terceiro.- De conformidade co disposto no art. 59 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, lembrarlle a D. Rafael Ojea Pérez da obriga de aceptar o destino ao que se lle adscribe.*

*Cuarto.- Da presente resolución, que terá efectos de data 9 de marzo de 2012, dese traslado ao interesado, xefe do Servizo correspondente, Concelleiros/as-delegados/as das Areas afectadas, Xefatura da Area de Réxime Interior, Unidade de Planificación e Organización, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas), así como ao Comité de Persoal.*

*Quinto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do diposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 20/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

Acordo
A Xunta de Goberno local queda enterada.

**27(483).- DAR CONTA RESOLUCIÓN SOBRE XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO OFICIAL XARDINEIRO D. FERNANDO FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ. EXPTE. 23002/220.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 17.04.12, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES*

*1.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos, D. FERNANDO FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, con DNI 35763083S, ten a condición de empregado municipal en réximen laboral, con nº de persoal 17584, data de nacemento 05/04/1947, con praza e posto de traballo de Oficial xardiñeiro (pto. 234), grupo C2 de cotización e adscrito ao Servizo de Montes, Parques e Xardíns (446).*

*FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA*

*I.-A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser "Forzosa, ao cumplir a idade legalmente establecida".*

*II.- Igualmente, o artigo 67, apartado 3, establece que "A xubilación forzosa se declarará de oficio ao cumplir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade. Nembargantes, nos términos das leis de Función Pública que se dicten en desenrolo deste Estatuto, poderase solicitar a prolongación da permanencia no servizo activo como máximo hasta que se cumpla setenta anos de idade. A administración Pública competente deberá de resolver de xeito motivado a aceptación ou denegación da prolongación".*

*III.- En consecuencia, procederá que polo órgano competente para a declaración das situacións administrativas e xestión económica e administrativa do persoal municipal se declare a xubilación de D. FERNANDO FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ con data de efectos de 05/04/2012, e cuxa proposta se debe elevar ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño do 2011, de delegación de competencias e estructura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4) e art. 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local segundo redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local.*

*IV.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, proponse ao Sr. Concelleiro-Delegado a seguinte RESOLUCIÓN:*

*"Primeiro.- Declarar a situación administrativa de xubilación forzosa do empregado municipal (en réxime laboral) D. FERNANDO FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ con data de efectos 05/04/2012, con nº de persoal 17584, data de nacemento 05/04/1947, con praza e posto de traballo de Oficial xardiñeiro (pto. 234), grupo C2 de cotización e adscrito ao Servizo de Montes, Parques e Xardíns (446), en aplicación do previsto no artigo 67.1.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, e normativa de concordante aplicación.*

*Segundo.- Notifíquese o presente acordo a interesada, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, e dease conta á Xunta de Goberno Local, significándose que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notifica-*

*ción do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito."*

Con data 17.04.12, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo
A Xunta de Goberno local queda enterada.

**28(484).- DAR CONTA RESOLUCIÓN SOBRE XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO OFICIAL CONDUTOR D. RAMÓN REY BREA. EXPTE. 23003/220.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 17.04.12, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES*

*1.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos, D. RAMÓN REY BREA, con DNI 35227815A, ten a condición de funcionario municipal, con nº de persoal 10352, data de nacemento 06/04/1947, con praza e posto de traballo de Oficial condutor (pto. 233), grupo C2 de cotización e adscrito ao Servizo de Parque Móbil (445).*

*FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA*

*I.-A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser "Forzosa, ao cumplir a idade legalmente establecida".*

*II.- Igualmente, o artigo 67, apartado 3, establece que "A xubilación forzosa se declarará de oficio ao cumplir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade. Nembargantes, nos términos das leis de Función Pública que se dicten en desenrolo deste Estatuto, poderase solicitar a prolongación da permanencia no servizo activo como máximo hasta que se cumpla setenta anos de idade. A administración Pública competente deberá de resolver de xeito motivado a aceptación ou denegación da prolongación".*

*III.- En consecuencia, procederá que polo órgano competente para a declaración das situacións administrativas e xestión económica e administrativa do persoal municipal se declare a xubilación de D. RAMÓN REY BREA con data de efectos de 06/04/2012, e cuxa proposta se debe elevar ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño do 2011, de delegación de competencias e estructura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4) e art. 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local segundo redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local.*

*IV.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, proponse ao Sr. Concelleiro-Delegado a seguinte RESOLUCIÓN:*

*"Primeiro.- Declarar a situación administrativa de xubilación forzosa do empregado municipal (en réxime laboral) D. RAMÓN REY BREA con data de efectos 06/04/2012, con nº de persoal 10352, data de nacemento 06/04/1947, con praza e posto de traballo de Oficial condutor (pto. 233), grupo C2 de cotización e adscrito ao Servizo de Parque Móbil (445), en aplicación do previsto no artigo 67.1.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, e normativa de concordante aplicación.*

*Segundo.- Notifíquese o presente acordo a interesada, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, e dease conta á Xunta de Goberno Local, significándose que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito."*

Con data 17.04.12, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo
A Xunta de Goberno local queda enterada.

**29(485).- DAR CONTA RESOLUCIÓN SOBRE XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO OFICIAL CARPINTEIRO D. ALVARO DOPAZO ASOREY. EXPTE. 23004/220.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 17.04.12, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES*

*1.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos, D. ÁLVARO DOPAZO ASOREY, con DNI 35227248B, ten a condición de empregado municipal en régimen laboral, con nº de persoal 22912, data de nacemento 11/04/1947, con praza e posto de traballo de Oficial carpinteiro (pto. 235), grupo C2 de cotización e adscrito á Unidade de Mantemento dos Servizos Municipais (450).*

*FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA*

*I.-A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser "Forzosa, ao cumplir a idade legalmente establecida".*

*II.- Igualmente, o artigo 67, apartado 3, establece que "A xubilación forzosa se declarará de oficio ao cumplir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade. Nembargantes, nos términos das leis de Función Pública que se dicten en desenrolo deste Estatuto, poderase solicitar a prolongación da permanencia no servizo activo como máximo hasta que se cumpla setenta anos de idade. A administración Pública competente deberá de resolver de xeito motivado a aceptación ou denegación da prolongación".*

*III.- En consecuencia, procederá que polo órgano competente para a declaración das situacións administrativas e xestión económica e administrativa do persoal municipal se declare a xubilación de D. ÁLVARO DOPAZO ASOREY con data de efectos de 11/04/2012, e cuxa proposta se debe elevar ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño do 2011, de delegación de competencias e estructura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4) e art. 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local segundo redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local.*

*IV.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, proponse ao Sr. Concelleiro-Delegado a seguinte RESOLUCIÓN:*

*"Primeiro.- Declarar a situación administrativa de xubilación forzosa do empregado municipal (en réxime laboral) D. ÁLVARO DOPAZO ASOREY con data de efectos 11/04/2012, con nº de persoal 22912, data de nacemento 11/04/1947, con praza e posto de traballo de Oficial carpinteiro (pto. 235), grupo C2 de cotización e adscrito á Unidade de Mantemento dos Servizos Municipais (450), en aplicación do previsto no artigo 67.1.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, e normativa de concordante aplicación.*

*Segundo.- Notifíquese o presente acordo a interesada, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, e dease conta á Xunta de Goberno Local, significándose que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito."*

Con data 17.04.12, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo
A Xunta de Goberno local queda enterada.

**30(486).- DAR CONTA RESOLUCIÓN SOBRE XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO ORDENANZA-PORTEIRO D. JOSÉ ADONIS ALVAREZ MARTÍNEZ. EXPTE. 23005/220.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 17.04.12, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES*

*1.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos, D. JOSÉ ADONIS ÁLVAREZ MARTÍNEZ, con DNI 35228834X, ten a condición de funcionario municipal, con nº de persoal 11564, data de nacemento 17/04/1947, con praza e posto de traballo de Ordenanza Porteiro (pto. 155), grupo E de cotización e adscrito ao Servizo de Conserxería (201).*

*FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA*

*I.-A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser "Forzosa, ao cumplir a idade legalmente establecida".*

*II.- Igualmente, o artigo 67, apartado 3, establece que "A xubilación forzosa se declarará de oficio ao cumplir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade. Nembargantes, nos términos das leis de Función Pública que se dicten en desenrolo deste Estatuto, poderase solicitar a prolongación da permanencia no servizo activo como máximo hasta que se cumpla setenta anos de idade. A administración Pública competente deberá de resolver de xeito motivado a aceptación ou denegación da prolongación".*

*III.- En consecuencia, procederá que polo órgano competente para a declaración das situacións administrativas e xestión económica e administrativa do persoal municipal se declare a xubilación de D. JOSÉ ADONIS ÁLVAREZ MARTÍNEZ con data de efectos de 17/04/2012, e cuxa proposta se debe elevar ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño do 2011, de delegación de competencias e estructura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4) e art. 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local segundo redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local.*

*IV.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, proponse ao Sr. Concelleiro-Delegado a seguinte RESOLUCIÓN:*

*"Primeiro.- Declarar a situación administrativa de xubilación forzosa do empregado municipal (en réxime laboral) D. JOSÉ ADONIS ÁLVAREZ MARTÍNEZ con data de efectos 17/04/2012, con nº de persoal 11564, data de nacemento 17/04/1947, con praza e posto de traballo de Ordenanza Porteiro (pto. 155), grupo E de cotización e adscrito ao Servizo de Conserxería (201), en aplicación do previsto no artigo 67.1.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, e normativa de concordante aplicación.*

*Segundo.- Notifíquese o presente acordo a interesada, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, e dease conta á Xunta de Goberno Local, significándose que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito."*

Con data 17.04.12, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, resolve de conformidade co precedente informe.

<u>Acordo</u>
A Xunta de Goberno local queda enterada.

**31(487).- INSTRUCCIÓN 2/2012 RELATIVA Á REVISIÓN DO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA O SEGUIMENTO E RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DE ÁMBITOS DE INICIATIVA PRIVADA NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 130/403.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 12.04.12, conformado polo director dos Servizos Técnicos e polo xerente de Urbanismo, e o dictame favorable do Consello da Xerencia municipal de Urbanismo que tivo lugar o 20.04.12, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar a «Instrución 2/2012, pola que se aproba o Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización de ámbitos de iniciativa privada no Concello de Vigo», elaborado polos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, cuxo texto literal se insire a continuación.

SEGUNDO: Deixar sen efecto a redacción anterior do Protocolo, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de 14.09.2009 (BOP n.º 222, de 17.11.2009), que comprendía e complementaba a versión aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de 12.05.2008.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á OSPIO, aos Servizos Técnicos da XMU e aos Servizos Centrais da XMU, e ordenar a publicación do contido íntegro da Instrución no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Anuncios da Xerencia Municipal de Urbanismo, e no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Vigo.

A seguir transcríbese o texto da Instrucción:

*“INSTRUCIÓN 2/2012, POLA QUE SE APROBA O PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA O SEGUIMENTO E RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DE ÁMBITOS DE INICIATIVA PRIVADA NO CONCELLO DE VIGO*

*PRIMEIRO PUNTO: PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO PARA O SEGUIMENTO DA BOA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE INICIATIVA PRIVADA.*

*a) Unha vez aprobado definitivamente o proxecto de urbanización, a Entidade Urbanística Colaboradora deberá convocar ó Concello (comunicando tal feito á XMU) para o asinamento da “Acta de Comprobación do Replanteo (ACR)”. Achegará a seguinte documentación:*

1. *Plan de Seguridade e Saúde firmado polo contratista, visado e presentado no organismo competente da Administración Autonómica.*
2. *Acta de comprobación do Plan de Seguridade e Saúde polo Coordinador de Seguridade e Saúde, e visado polo colexio profesional correspondente.*
3. *Plan de Control de Calidade dos materiais utilizados na obra.*

4. *Contrato con empresa autorizada, para a retirada de terras e escombros, o seu tratamento e indicando o punto de verquido autorizado.*

5. *Plano actualizado do levantamento topográfico e perfís do ámbito, firmado por técnico competente co parcelario correspondente.*

*b) Asinada a "Acta de Comprobación do Replanteo", os técnicos da OSPIO realizarán a supervisión continuada das obras ata a recepción definitiva das mesmas, mantendo informados aos Servizos Técnicos da XMU, das incidencias que poidan xurdir durante a execución das obras que motivará a apertura dos procedementos administrativos que sexan pertinentes.*

*c) A partires da data de asinamento da "Acta de Comprobación do Replanteo", o órgano promotor deberá informar cada tres meses o grado de execución das obras de urbanización e as incidencias que considere que poidan incidir na boa execución das mesmas. Relacionaranse as unidades de obra executadas, coas cantidades certificadas ata a data por capítulos, así como o saldo pendente de executar e certificar. Así mesmo, informarase do grado de execución das obras de edificación e a súa previsible terminación.*

*d) As modificacións que se pretendan introducir no proxecto de urbanización, deberán ser aprobadas previamente polo Concello.*

*e) Calquera demora non xustificada ou incidencia da que se poida deducir unha incorrecta urbanización do ámbito, implicará a emisión dun informe por parte da OSPIO os Servizos Técnicos da Xerencia, que elevarán proposta de requirimento ao Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo. Na mesma advertirase que, de persistir na incorrecta urbanización, o Concello poderá acordar a execución subsidiaria das obras de urbanización ou, en función do grado de desenvolvemento da urbanización, a adopción do acordo de cambio de sistema por un directo.*

*f) Os Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo ou no seu caso a OSPIO, ou conxuntamente, realizarán tantas visitas de comprobación como estimen procedentes, da que levantarán Acta que deberá ser asinada polos técnicos municipais e o director da obra de urbanización. Así mesmo, se dará conta os diferentes departamentos municipais e ás empresas subministradoras das incidencias que poidan afectar ao servizo público.*

*g) Cando poida apreciarse que as obras de urbanización están ocasionando danos evidentes ó interese público (seguridade das persoas ou bens) o Concello poderá adoptar as medidas provisionais que estimen pertinentes, chegando incluso a súa paralización si é considerado oportuno.*

*h) Poderán suspenderse as obras de construción das edificacións, naquel caso que se aprecie que as de urbanización non teñen un grado de desenvolvemento adecuado para que as de edificación sexan utilizadas tan pronto como sexan rematadas.*

*i) A OSPIO convocará a Entidade Urbanística Colaboradora e solicitará os Servizos Técnicos da Xerencia de Urbanismo, a comprobación do cumprimento das Liñas e Rasantes autorizadas, do que se levantará "Acta de Comprobación da Liña e Rasante" (ACR). Se a urbanización e simultánea coa edificación, comprobarase se o forxado de enrasado coa aceira, cumpre coa rasante e liña autorizada. En caso de incumprimento, informarase o Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, propoñendo a paralización das obras. Darase traslado o departamento de Licencias para que adopte as medidas que procedan da súa competencia. No suposto de edificación e urbanización simultánea, unha vez que as obras de edificación acaden a cota cero (obras baixo rasante), será obrigatorio empezar coas obras de urbanización. De tal xeito,*

*procurarase unha execución das obras que sexa harmónica e axeitada, sen que se produzan desaxustes que poidan atrasar as obras ou afectar á calidade e bo estado da urbanización.*

*l) Si durante as inspeccións de supervisión ordinarias dos técnicos da OSPIO, observan que algún edificio en construción no ámbito alcanza a cota de cuberta, deberán notificar o departamento de Licenzas para que comproben si os titulares da licenza solicitaron a inspección de comprobación da estrutura a que obriguen as Ordenanzas do PXOM. No caso das obras de proxectos de obras ordinarias ou usos públicos de superficie condicionados por unha licenza de edificación, o Promotor porá en coñecemento dos Servizos Técnicos da Xerencia de Urbanismo a data de comezo das obras, para a programación do seu seguimento e control.*

*SEGUNDO PUNTO: PROCEDEMENTO PREVIO Á RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN.*

*a) A Entidade Urbanística Colaboradora, con anterioridade aos 45 días á previsión da terminación das obras de urbanización, deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través da OSPIO (Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras), a data previsible de remate das mesmas.*

*Xunto coa solicitude de recepción das obras, deberá presentar a seguinte documentación técnica:Planos que inclúan o estado final das obras executadas, referenciadas o ámbito de recepción, en soporte informático e papel.*

1. *Certificado de final de obra firmado pola Director das obras.*
2. *Acta de entrega das obras de urbanización obxecto da recepción, subscrita polo representante da Xunta de Compensación ou promotor único, Dirección Facultativa e Contratista das Obras.*
3. *Informe-Resumen dos ensaios do Control de Calidade dos Materiais utilizados na obra, subscrito polo responsable do Laboratorio de Control e conformados polo Director das Obras. En proxectos iniciados antes do 14/09/2009, será suficiente un informe do Director facultativo no que certifique a idoneidade dos materiais empregados.*
4. *Copia do Documento notarial de formalización das cesións obrigatorias o Concello.*
5. *Proposta de adhesión ó modelo ou de aprobación de Estatutos para a constitución da Entidade de Conservación, no seu caso.*

*b) Unha vez recibida a comunicación, a OSPIO no prazo máximo de tres días, dará conta da mesma os departamentos municipais de Montes, Parques e Xardíns, Electromecánicos e Limpeza. O mesmo día informará da data de recepción a todas as empresas subministradoras (con carácter orientativo: "Unión Fenosa, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "R Cable y Telecomunicaciones de Galicia, S.A.", "Gas Galicia, S.A." e "Aqualia-FCC, UTE Vigo", ou aquelas que as substitúan). Na comunicación dirixida tanto aos departamentos municipais como as empresas subministradoras, farase expresamente constancia de que o informe deberá ser emitido no prazo máximo de dez días (artigo 83 LRXAP-PAC).*

*c) O mesmo día se dará conta da solicitude dos informes aludidos con anterioridade á Xunta de Compensación, informando que o transcurso do prazo legal para resolver o procedemento queda en suspenso ata que se recaben os mencionados informes (artigo 42.5 LRXAP-PAC).*

*d) Naquel caso que dos informes evacuados se constate a existencia dalgunha deficiencia na urbanización, darase conta do mesmo á Xunta de Compensación para que procede a súa emenda. Ata tanto non se reciba novo informe en sentido favorable, o prazo de resolución quedará en suspenso.*

*e) Unha vez recabados todos os informes favorables, serán remitidos pola OSPIO ós Servizos Técnicos da Xerencia de Urbanismo, que os remitirá xunto cun informe proposta á Xunta de Goberno Local, para que no prazo dun mes anterior á terminación das obras acepte a recepción e designe o representante da Administración para a asistencia ó acto de recepción. Así mesmo, do acordo da Xunta de Goberno Local, darase traslado á Intervención Xeral do Concello para a súa asistencia potestativa a recepción.*

*f) O representante designado pola Xunta de Goberno Local, sinalará a data de recepción das obras de urbanización e comunicará a mesma á Entidade Urbanística Colaboradora e ó responsable da Intervención. Do resultado da recepción se levantará un Acta que subscribirán todos os asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles. O representante da Xunta de Compensación está obrigado a asistir á recepción. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre con dita obrigación o representante da Administración lle remitirá un exemplar do acta para que no prazo de dez días formule as alegacións que considere oportunas, que serán resoltas pola propia Xunta de Goberno Local. Unha vez recibidas as obras de urbanización, a Entidade Urbanística Colaboradora poderá solicitar a substitución da garantía presentada por outra que comprenda o cinco por cento do presuposto de execución por contrata.*

*g) Transcorrido o prazo de garantía, a OSPIO emitirá informe sobre a procedencia de devolución da garantía depositada que remitirá os Servizos Técnicos da Xerencia de Urbanismo. O Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, á vista do informado, acordará sobre a procedencia da súa devolución.*

*TERCEIRO PUNTO: SOBRE A POSIBILIDADE DA RECEPCIÓN PARCIAL DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN.*

*a) Non será posible a recepción parcial de obras de urbanización de Plans Especiais de Reforma Interior ou Plans Parciais, que se aprobaran con posterioridade ó PXOM e que non prevexan a posibilidade da recepción parcial de obras de urbanización no propio instrumento de ordenación, salvo que concorran circunstancias especiais que aconsellen a recepción parcial, que deberán ser apreciadas polo órgano competente. Nos mesmos deberá figurar un plan de etapas para a execución das obras de urbanización e edificación. Deberá xustificarse a coherencia coas restantes determinacións do Plan, o desenvolvemento no tempo da edificación prevista e as súas dotacións e dos elementos que compoñen as redes de servizos. En cada etapa deberá preverse o seguinte: duración, obras de urbanización correspondentes, posta en servizo de reservas de solo correspondentes a equipamentos, determinación de niveis de servizos de abastecemento de auga, saneamento e subministro de enerxía eléctrica para que poidan ser utilizados os terreos que se urbanicen sucesivamente.*

*b) Con carácter xeral, para as actuacións de urbanización que se encontren en execución será posible excepcionalmente a recepción parcial das obras de urbanización, con estrita observancia das seguintes indicacións:*

- *As obras executadas sexan susceptibles de ser entregadas ó uso público.*
- *Sempre e cando constitúan unha unidade funcional directamente utilizable e se teñan recibido pola propia Entidade Urbanística Colaboradora. Deberá existir un nivel mínimo de reserva de solo e execución do equipamento, dos servizos urbanísticos mínimos.*
- *O acordo de recepción parcial non habilitará en ningún caso para a disolución da Entidade Urbanística Colaboradora nin para a cancelación da obriga ou carga*

*real das fincas resultantes de asumir a totalidade dos custes derivados da urbanización.*

- *Tampouco será título para a devolución dos avais presentados nin implicará o inicio do cómputo do prazo de garantía pola execución das obras de urbanización. A conservación e preservación do bo funcionamento da urbanización que se vaia a recibir, seguirá sendo responsabilidade da Entidade Urbanística Colaboradora.*

- *Con ocasión da recepción total, comprobarase de novo o estado da parte recibida parcialmente. No caso de que se observen deficiencias na mesma derivadas da execución das obras de urbanización ou polo deficiente estado das mesmas imputable directa ou indirectamente á Entidade Urbanística Colaboradora, requirirase a realización das obras precisas e non se recibirá totalmente a urbanización ata a súa finalización.*

*c) No caso de que a recepción parcial teña por obxecto partes da urbanización cuxa posta en funcionamento inmediata sexa de interese público, circunstancia que deberá ser apreciada polo órgano competente previo informe razoado do departamento municipal que corresponda, aplicaranse as seguintes determinacións en substitución das dispostas no apartado 4 da letra anterior:*

- *Poderá autorizarse a substitución do aval prestado por outro que comprenda o 100% do custe de execución por contrata das obras de urbanización pendentes de recibir, actualizado á data da solicitude de recepción parcial.*

- *A conservación da urbanización recibida parcialmente será asumida por aquel a quen corresponda segundo o PXOM; en todo caso, as obrigas que corresponderían a unha Entidade Urbanística de Conservación serán asumidas pola Entidade Urbanística Colaboradora*

- *A recepción parcial implicará o inicio do cómputo do prazo de garantía pola execución das obras de urbanización recibidas parcialmente, exclusivamente naquela parte que segundo o PXOM deba ser conservada polo Concello de Vigo”*

**32(488).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN HOY POR MAÑANA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL, CONCRETADO NUNHA LUDOTECA, DURANTE O ANO 2012. EXPTE. 3378/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 23.02.12, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 3.04.12, conformado pola concelleira delegada de Xuventude, a concelleira delegada de Facenda, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil, concretado nunha Ludoteca, entre o Concello de Vigo e a Asociación Hoy por Mañana, que se adxunta o presente expediente.

2º.- Aprobar o gasto de 25.000 euros a favor da entidade Asociación Hoy por Mañana, N.I.F. G36806917 con cargo á partida 3370.489.00.03 do vixente orzamento.

3º.- Que se libre a cantidade de 12.500 € correspondentes ó 50% do total á sinatura deste convenio , e o 50% restante (12.500 €) á finalización do mesmo.

4º.- Facultar á Concelleira de Xuventude, María Jesús Lago Rey para a sinatura do presente convenio"

*Na Casa do Concello de Vigo, a*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, Dona María Jesús Lago Rey, na súa calidade de Concelleira-delegada da Área de Xuventude do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía Presidencia do 13 de xullo de 2011.*

*Doutra parte, Dña. Elena Elvira Piñeiro García, con D.N.I:11395179J en representación do Asociación Hoy por Mañana, C.I.F: G36627495 e enderezo social en R/ Sagunto, 86 , na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 3378/336*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*
*MANIFESTAN*

*I.- Que a entidade Asociación Hoy por Mañana ten entre os seus obxectivos a defensa da calidade de vida dos veciños en todos os seus eidos, a consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da parroquia de Lavadores un lugar digno onde vivir e convivir. Estes obxectivos concordan co desenvolvemento da actividade de Ludoteca que propoñen e coinciden cos da Concellaría de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.*

*II.- Que o Concello de Vigo a traverso da Concellería de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servicios á xuventude.*
*Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espacios lúdicos para nenas e nenos onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traverso do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza a Asociación Hoy por Mañana, referida ao desenvolvemento da actividade de Ludoteca, polo que considerase convinte a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade de Ludoteca proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, "a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servicios ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público".*

*III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo a traverso da Concellaría de Xuventude decide apoiar a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.*

*Que a Asociación Hoy por Mañana a única entidade que desenvolve na Rúa Sagunto, 86, no Calvario, este programa de Ludoteca dun xeito continuado dende 1.999 e conta con instalación adecuada e con capacidade organizativa para afrontar este actividade que ten un claro interese publico e zonal*

*Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.*

*IV.- . Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervintes conclúen o presente concenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.*

*V.- Que a entidade Asociación Hoy por Mañana non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 3378/336.*

*Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Hoy por Mañana , o Concello de Vigo e a Asociación Hoy por Mañana, conveñén a súa colaboración no ámbito de desenvolvemento da actividade de Ludoteca proposta e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

*PACTOS*

*Primeiro.- A entidade Asociación Hoy por Mañana comprométese a colaborar coa Concellería de Xuventude do Concello de Vigo en canto a desenvolvemento da actividade de Ludoteca e, concretamente, a:*

*1º.- Ofrecer un espazo de lecer educativo estable para rapaces e rapazas comprendidos entre 4 e 10 anos, como mínimo.*

*2º.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social dos persoas destinatarias a través do xogo e de actividades lúdicas.*

*3º.- Favorecer a participación e a integración social dos persoas destinatarias, así coma das súas familias.*

4º.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.

5º.- Posibilitar o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.

6º.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Garantir a prestación adecuada das actividades de Ludoteca. Para elo, o persoal técnico da Concellería de Xuventude será o encargado do seguimento da execución do convenio , así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

2º.- Conceder directamente á Asociación Hoy por Mañana unha subvención por importe de 25.000 € cargo á partida 3370.489.00.03 "Subvención Ludoteca Asociación Hoy por Mañana" do orzamento en vigor; co obxecto de coadxudar á financiación da actividade de ludoteca destinada a nenos e nenas de 4 a 10 anos como mínimo, que se desenvolverá dacordo co programa presentado, de luns a venres en horario 17:00 e 20:00 hs, e en xullo de 9:30 a 13:30 h. Co obxecto de tratar de conciliar a vida laboral coa familiar, tentarase adaptar o horario de prestación da actividade ás necesidades das familias en periodo de vacacións escolares.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade Hoy por Mañana deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, posibilitase o pagamento da subvención en dous prazos, o primeiro deles anticipado á sinatura do presente convenio do 50% do importe total (12.500 € ) e outro do 50% restante ( 12.500 € ) á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento. Ao tratarse dunha entidade sen ánnimo de lucro non é necesario a constitución de garantías (art. 42.2 do Regulamento de Subvencións).

A xustificación do importe total recibido presentarase coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha vez rematada a actividade.

Quinto.- Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución.

*Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a reducción da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circuntancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sexto.- A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 75% do importe da actividade subvencionada.*

*Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.*

*Sétimo.- A entidade Asociación Hoy por Mañana debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión do logotipo da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo.*

*Oitavo.- A Asociación Asociación Hoy por Mañana, no prazo de 2 meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar:*

*a) Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.*

*b) Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeito a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*

*c)Manifestación doutros ingresos ou subvecnións que financien o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluir unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.*

*Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.*

*Se a Asociación Hoy por Mañana solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe esacto que resulte afectado pola subvención. A copia do*

*xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Noveno.- Antes de proceder ao pago da subvención a Asociación Hoy por Mañana deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre 1 de xaneiro e 31 de decembro do 2012.*

*A Asociación Hoy por Mañana deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude . O xefe do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou  defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo segundo.- A Asociación Hoy por Mañana deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha disminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a Asociación Hoy por Mañana da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo  quinto.- A Asociación Hoy por Mañana está informada de que que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Co-*

*mún e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.*
*A AsociaciónHoy por Mañana poderá exerce-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.*

*Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipaise as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo,...*

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

**33(489).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO SANEAMENTO DA RÚA ENRIQUE LORENZO. EXPTE. 2128/443.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 25.04.12, que di o seguinte:

*Obra: RENOVACIÓN DO SANEAMENTO NA RÚA ENRIQUE LORENZO. Expte.: 2109 /443*
*Localidade e situación: RÚA ENRIQUE LORENZO*
*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO*
*Autor/a do proxecto: ENXEÑEIRO INDUSTRIAL, D. CASIMIRO FONTENLA BUGALLO*
*Dirección facultativa: D. AGUSTÍN RODRÍGUEZ CARBALLO*
*Contratista titular do plan: AQUALIA FCC UTE VIGO*
*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRO INDUSTRIAL, D. CASIMIRO FONTENLA BUGALLO*
*Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRO INDUSTRIAL, D. CASIMIRO FONTENLA BUGALLO*
*Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: AQUALIA FCC UTE VIGO (José Luis Cividanes Matos)*
*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: SILVIA CASTRO ARES (ENMACOSA)  Titulación: ARQUITECTO TÉCNICO*

*Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: AQUALIA FCC UTE VIGO*

*Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:*

> *-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previdos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.*
>
> *-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requeridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.*

*Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requeirdas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.*

*Na súa consecuencia, PROPONSE O SEGUINTE:*

1. *Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra RENOVACIÓN DO SANEAMENTO NA RÚA ENRIQUE LORENZO.*
2. *Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.*
3. *Nomear como dirección facultativa da obra ao Técnico Municipal: D. AGUSTÍN RODRÍGUEZ CARBALLO.*
4. *Calquera variación en unidades de obra ou en medicións, soamente se poderá recoller nun modificado, que non supoña incremento no orzamento do proxecto aprobado en Xunta de Goberno Local en data 20 de abril de 2012.*

*Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria AQUALIA FCC UTE VIGO, a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).*

<u>Acordo</u>
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**34(490).- ROGOS E PREGUNTAS.**
Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.